



DIPUTACIÓN DE OURENSE	
REXISTRO PARLAMENTAR	
23 FEB 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA
5229	

Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado do **GRUPO SOCIALISTA** na Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A XESTIÓN DIRECTA DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO** que espera sexa admitida en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dunha década de progresiva privatización dos servizos de emerxencias e bombeiros, por parte do goberno da Xunta de Galicia, atopámonos nunha situación que podemos considerar heteroxénea e caótica no que ás características do servizo se refire. O modelo de xestión das emerxencias, implantado polo goberno autonómico, que combina a xestión directa coa, cada vez máis habitual, fórmula indirecta; levou a que os bombeiros galegos loiten pola homoxeneización do servizo e das condicións laborais. Esta homoxeneización, mediante a xestión directa do servizo, revertería nunha seguridade xurídica, non só, para os propios traballadores, que desempeñando unha función tan sensible non poden estar sometidos ós vaivéns e intereses das empresas privadas concesionarias; senón para o propio servizo, imprescindible para o conxunto da cidadanía.

Así mesmo, hai que ter en conta que, mediante a privatización da xestión do servizo en mans de empresas alleas ao sector, coma poden ser construtoras, consultoras medioambientais, carroceiros de vehículos, xestión de residuos, limpeza, etc. A xestión por parte destas empresas supón un atraso no que respecta a conquistar os obxectivos dun servizo público de calidade. As empresas privadas procuran a maximización dos seus beneficios polo que tenden a aforrar en todos aqueles custos que consideren superfluos para o desenvolvemento do servizo. Isto, tradúcese no retallo en custos laborais e en material dispoñible, e na xestión dos medios que pagamos entre todos, por exemplo.

Unha xestión directa do servizo contra incendios e salvamento non ten porque ser máis cara nin menos eficiente, exemplos hai que o demostran. Trátase dun servizo de vital importancia para a cidadanía que debe ser prestado por empregados públicos, que permitiría outorgarlle a debida seguridade xurídica ás súas actuacións ó estar investidos da condición de autoridade, ademais de mellorar en condicións de traballo, seguridade, eficiencia e coordinación.

email: gruposocialista@depourense.es
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)
twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)



Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

PROPOSTA DE ACORDO:

- Asumir a xestión directa do servizo que vai prestar o Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, por parte do consorcio conformado pola Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia.
- Instar á Xunta de Galicia e ó resto das Administracións públicas implicadas na xestión dos parques comarcais de bombeiros a que opten pola xestión directa nos Consorcios de Bombeiros.
- Instar á Xunta de Galicia a crear o Corpo de Bombeiros de Galicia do que formen parte os empregados públicos que presten o seu servizo nos diferentes parques comarcais.
- Esixir da Xunta de Galicia a elaboración e aprobación de xeito urxente do Regulamento do Bombeiro Profesional recollido na Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia

Ourense, a 23 de Febreiro de 2016

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

email: gruposocialista@depourense.es
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)
twitter: SocialistaDepou